

Recibimos esta mensaxe do SERGAS:



Infórmase que está previsto que o **próximo luns, 11 de xaneiro** se publique no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de médico/a de familia e enfermeiro/a.

De conformidade co adiantado na páxina web do Servizo Galego de Saúde, os exames terán lugar o **sábado, 23 de xaneiro** no lugar e hora que, a continuación, se indican:

Lugar: Recinto da Feira Internacional de Galicia (Silleda-Pontevedra).

Hora:

Categoría de médico/a de familia: 9.30 horas

Categoría de enfermeiro/a: 16.00 horas.

Na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) publicaranse as distintas portas de acceso ao recinto de realización das probas así como os/as aspirantes comprendidos/as en

cada unha delas. As persoas aspirantes deberán comprobar, con carácter previo, a porta de acceso que lle corresponde.

Non se permitirá o acceso das persoas aspirantes ao interior do recinto con dispositivos de telefonía móbil ou soportes con memoria. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.